

Para proseguir a marcha cara á Lagoa da Serpe, débese saír fóra do valado por un portazón metálico (pechar despois) e ascender por un vello camiño de carro. A uns 160 metros abandónase cara á dereita, para continuar unha estreita senda de montaña en dirección leste. Logo, a ruta bordeia a aba do Fial, gozando de magníficas vistas sobre o val do río Bibel.

Pouco antes de chegar á lagoa alcánzase un cruzamento sinalizado: de fronte continúa a ruta PR-G 201 cara a Trevinca e á esquerda atópase a Lagoa da Serpe. Esta lagoa de orixe glaciar é permanente e sorprende a súa situación de a cabalo da divisoria de dous vales. Lugar mítico onde unha fermosa doncela habita baixo as súas augas convertida en monstruosa serpe agardando que a liberen do seu maldéfico feitiço.

Agora ascéndese máis de 100 metros de desnivel por un camiño empinado de pedra solta para situarse nun magnífico miradoiro sobre a propia Lagoa da Serpe. Tras este fatigoso camiño, a senda segue unhas rodelas en dirección oeste que gañan suavemente altura. Alcánzase o cumio achandado do Fial (1841 m), lugar onde mirar toda a Serra de Trevinca e os vales do Xares e do Bibel. Comeza o descenso durante máis dun quilómetro ata desembocar nunha pista ancha que baixa á Ponte.

Antes de chegar a Pena Ferro atópase un refuxio de cazadores. Aquí, o camiño abandona a pista e inicia o descenso polo antigo e recuperado Camiño das Cailleas. Hoxe o seu uso é testemuñal pero aínda se pode apreciar o enorme traballo de lousado do mesmo. Pouco antes de chegar á Ponte a senda empata novamente coa pista do Fial. Ao entrar na poboación pódense ver os curtos gravados da Casa dos Vaqueiros e, ao pouco, alcanzar o lavadouro e o final da ruta.

Ao alcanzar As Salgueiras a pista xira e ascende ata acadar un valado metálico (peche do couro de Xares para caza maior), que hai que traspasar, tendo a precaución de deixar ben pechada a porta (1360 m). Virando 90º á esquerda proséguese pola pista paralelos ao valado ata atopar un desvío á dereita ben sinalizado. O percorrido proséguese ata confluir e discorrer conxuntamente co carreiro homoloxado PR-G 201 Ruta Integral Serra Calva. A pista chega ata a Lagoa de Ocelo (1510 m).



Pena Trevinca

2127 m.s.n.m.

Alto do Turriero

1877 m.s.n.m.

A Valigota

2009 m.s.n.m.

Sestil Alto

1993 m.s.n.m.

Concello da Veiga
Praza do Concello 1
32360 - A Veiga
Tel. 988 35 00 00
www.aveiga.es

PR-G 200

GALICIA

Ruta das Lagoas Glaciares da Serpe e de Ocelo

Sendeiro de Montaña

Web: PR-G 200

FEADER:
Europa inviste no rural

XUNTA DE GALICIA

GOBERNO DE ESPAÑA

MINISTERIO DE AGRICULTURA, ALIMENTACIÓN Y MEDIO AMBIENTE

F. G. M.

PR-G 200

Ruta das Lagoas Glaciares da Serpe e de Ocelo

Ruta homologada en 2016

A ruta comeza na praza fronte á igrexa de Santa María Madanela e descende entre as vivendas ata cruzar o río Xares xunto á antiga Casa-Escola, convertida agora no Centro de Visitantes ZEP Pena Trevinca. O camiño continúa ata un lavadouro onde se bifurca a ruta, comezando o gran anel desta senda. De fronte pódese ascender ao monte Fial e á Lagoa da Serpe. Á dereita a subida será máis suave e alcanza antes a Lagoa de Ocelo. Optando por esta segunda opción, súbese en dirección sur, Primeiro atravésase o Regueiro dos Foulos ou do Couto por unha pequena ponte de pedra (a escasos metros á dereita) e segúese pola pista nun progresivo ascenso zigzagueante.

A aldea da Ponte é o inicio deste carreiro de montaña circular. O lugar ten unha estrutura concentrada de estreitas rúas e construcións de pedra con tellos de lousa. Das fachadas das casas moitas veces sobresaen os fornos onde os seus veciños antigamente facían o seu propio pan.

Tempo aproximado de ida e volta: 5:00 horas.

PR-G 200 Ruta das Lagoas Glaciares da Serpe e de Ocelo

Sendeiro de Montaña

Marcas e sinais sendeiristas no percorrido

Sinal de continuidade, que indica o camiño correcto.


Mala dirección. Indica un camiño incorrecto.

Cambio de dirección. Indica un xiro á dereita ou á esquerda no sentido da marcha.

Sinal nunha derivación: camiño de ida e volta dende a ruta principal.

Baliza, que permite identificar o tipo e o número do sendeiro.

MIDE		PR-G 200 Ruta das Lagoas Glaciares da Serpe e de Ocelo	
Sendeiro de Montaña			
🕒 horario	5 horas	⚠️ 3	severidade do medio natural
⬆️ desnivel de subida	875 m	🗺️ 2	orientación no itinerario
⬆️ desnivel de baixada	875 m	🗺️ 2	dificultade no desprazamento
📏 distancia horizontal	14 km	🏃 3	cantidade de esforzo necesario
📍 tipo de percorrido	circular		
<small>A ruta non está exenta de riscos; non é recomendable para nenos. MIDE calculado para ascensión e regreso en condicións favorables de verán, sen neve e sen paradas. Sendeiro de montaña.</small>		<p>PR-G 200</p> <p>Mapas IGN 1:25.000: 228-II, 228-IV, 229-III</p>	



Vilanova

A Ponte

O Pico do Ocelo
1686 m

O Fial
1841 m

Alto do Turrieiro
1877 m

Montouto
1858 m



1:23.000